

## PRAIA DAS CATEDRAIS: MÁIS NEGRO DO QUE APARENTA

Coa calor que fixo a fin de semana pasada, decidimos ir á praia. Pensando, escollémo-lo areal das Catedrais, un dos que non soan nin nunca soaron entre os damnificados polo chapapote. Chegamos aló sobre as cinco da tarde. Había un mundo de xente, e desde o alto do cantil o mar víase azul. “Está limpo”, di unha de nós.

Andamos ata onde empezan as escaleiras que baixan deica a area. A xente límpase nas duchas públicas; algúns rapaces presentan na pel manchas escuras que non pasan. Metémonos escaleiras abaixo e vemos nos chanzos algunha galletiña de fuel vello. Non lle damos moita importancia -á fin e ó cabo, na praia algo de piche sempre o houbo-, malia aparece-la pedra algo aceitosa de máis.

A area vese clara, coma sempre. Instalámonos. Miramos se hai chapapote -á fin e ó cabo, somos de *Nunca Máis*- e algo aparece: na parede do cantil hai unha mancha fresca, de seis ou sete centímetros. Entramos en tres das covas e vemos algunha galletiña. Na beira do mar hai máis, e son máis grandes.

Xogamos pola area. Ó cabo dun pedazo imos para a auga. E está entrando fuel. Vese espallado pola beira e para acó do rompente, galletas de tamaño mediano, algunha de ata cinco centímetros de diámetro.

Ó cabo de dúas horas, temos manchas de fuel en pés e pernas. Unha muller dínos que o hai en abundancia, dentro das covas. Cando sacudímo-las toallas, para írmonos, vemos que a area desprendida deixa manchas escuras.

Volvemos subi-la escaleira. Imos cara ás duchas e están sucias de negro: negro na base, onde se pousan os pés, e no corpo, onde se apoian as mans. Hai manchas de fuel nos muros baixos de pedra onde sentamos e fuel sólido debaixo dalgunha mata. Chega un grupo de rapaces, examínanse e á vista do negro póñense a botar pragas contra a Xunta. “¡Manolo, vai morrendo!”, di un. É o resultado da exasperación ante un goberno prepotente e autosatisfeito.

Imos cara ó coche. No bordo da beirarrúa vémo-lo fuel que alguén debeu raspar do calzado. Voltamos para Lugo.

**Nota:** Esta é a crónica dunha viaxe familiar ó emblemático areal do concello de Ribadeo, o 21 de xuño. Así nos recibiu o verán nunha das praias “limpas”, segundo versión “tranquilizadora” dos gobernos, agora por boca da ministra española do Medio Ambiente.

## **NUNCA MÁIS EN SARGADELOS**

Para quen queira sabe-lo que NM fixo en Lugo desde o empezo, resulta altamente recomendable visitar estes días a Galería Sargadelos, na Praza de Santo Domingo. Están alí as Crónicas do Chapapote (do nº 0 ó 17), materiais elaborados para momentos puntuais e bastantes fotos. A través destas pódense evocar a Cadea Humana escolar na Muralla (o 20 de decembro pasado), a da Costa da Morte, a participación luguesa na manifestación de Madrid, os grupos de voluntarios que coordinamos... E obter unha visión panorámica da resposta social a través da exhibición da bandeira negra nos distintos formatos, en xanelas, balcóns, lugares públicos, vehículos...

Este xoves, día 26, haberá unha mesa redonda sobre a vixencia de reivindicación e o movemento *Nunca Máis*. A mostra continúa aberta ata o día 30.

## **FERNÁNDEZ DE MESA E OS DEMAIS SEGUEN IMPUTADOS**

O xuíz de Corcubión non aceptou a demanda de sobresemento presentada pola Avogacía do Estado, e segue advertindo indicios de delito na actuación deses representantes. A demanda de *Nunca Máis* segue adiante.

